

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Ritos, obxectos, crenzas varias..

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Pena de Cospeito

No concello de Cospeito (Lugo).

»Na Pena de Cospeito había, bueno, viña unha muller cun coche, que era, vamos, da zona de abaixo de..., entonces saleulle un home alí ó lado da pena, e díxolle si lle vendía o coche.

Entonces ela díxolle que sí.

Míre eu págollo pero usted ten que gardar na faldriqueira esto que lle dou, e asta que non chegue á casa non o pode abrir.

Entonces, ela, claro, colleu e marchou, pero despois polo camiño, cavilou, non. E dixo:

Home, pero eu marchareime sin saber o que me deu.

Entonces abriu a faldriqueira, entonces encontrouse que todo eran carbóns, e colleu e tirou todo no camiño.

Entonces vai, claro marchou... Pero aló na casa, non sei como mirou que así por un lado que tiña un mantelo, ou non sei que, e tiña unhas beiras o mantelo, e alí conócese que caíu algún carbón daqueles, e todos os..., conócese que ó caer os carbóns eses eran monedas de oro todo. Entonces colleu e volveu ó sitio onde tirou os carbóns, pero alí xa non había nada. Eso tratábase dun encanto que dicían que había na Pena de Cospeito».

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

ARQUIVO CHAIRA: Transcripción da versión oral de ANTONIO (47 anos). Corvite, Abadín, (Lugo). Marzo de 1993.

Bibliografía:

CARNERO, O., CUBA, X. R., REIGOSA, A., SALVADOR, M., Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín, Excma. Deputación Provincial de Lugo, 2004